



Cofinanciado por
la Unión Europea



ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE PUBLICA A ANULACIÓN DA CONVOCATORIA DE BOLSAS PARA A ASISTENCIA E PARTICIPACIÓN NO CURSO INTENSIVO COMBINADO (BIP), BLENDED2026: INTERDISCIPLINARY COLLABORATION – SOLVING INDUSTRY CHALLENGES, NO MARCO DA ACCIÓN DE MOBILIDADES DE CURTA DURACIÓN DO PROGRAMA ERASMUS

O 15 de xaneiro de 2026 publicouse a convocatoria de axudas para a asistencia e participación nun curso intensivo combinado (BIP) titulado ***“BlendED2026”: Interdisciplinary collaboration – solving industry challenges***

O 6 de febreiro de 2026 publicáronse as listaxes definitivas de solicitudes admitidas e excluídas.

O estudantado seleccionado confirmou a súa renuncia á participación no curso, polo que esta reitoría

RESOLVE:

Publicar a anulación do curso intensivo Erasmus ***“BlendED2026”: Interdisciplinary collaboration – solving industry challenges*** e dar por finalizado o procedemento.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vigo, na data da sinatura electrónica

O REITOR,

Por delegación R.R. do 30/05/2024 (DOG 10/06/2024)

A Vicerreitora de Internacionalización

María Isabel Del Pozo Triviño

